



Os peixes máis coloridos de Galicia

Rafael Bañón

Licenciado en bioloxía mariña pola Universidade de Santiago de Compostela. Biólogo mariño con máis de 20 anos de experiencia en pesqueiras artesanais e actualmente un dos ictiólogos e taxónomos de referencia en España. Durante toda a súa carreira profesional dedicouse en corpo e alma ao estudo da ictiofauna galega participando en numerosas publicacións que inclúen a descrición de novas especies para a ciencia. Gran parte do seu traballo céntrase no estudo das especies invasoras e o impacto do cambio climático nas comunidades de fauna mariña costeira. Ademais, ten interese na bioxeografía e antropoloxía dos pescadores e as pesqueiras. Autor do blog Ictiogal. Asociación Ecoloxía Azul / Blue Ecology (BEC), Vigo.

Manuel E. Garcí

Manuel E. García é biólogo mariño cunha ampla traxectoria profesional tanto no Instituto Español de Oceanografía de Vigo como no Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (CSIC). Tamén é un reputado cámara submarino con dilatada experiencia na realización de documentais submarinos. Co-Fundador da empresa de imaxe e servizos subacuáticos Bioimaxe. Asociación Ecoloxía Azul / Blue Ecology (BEC), Vigo.

A coloración nos peixes é debida a unha serie de pigmentos (carotenoides, melanina, flavina, guanina) que se acumulan en células especializadas (cromatóforos, melanóforos, guanóforos). A maioría dos peixes presentan dúas ou máis cores, dispostas frecuentemente en manchas, ocelos e bandas dispersas polo corpo.

A coloración varía dependendo de varios factores, principalmente do hábitat que ocupan os peixes. A maior diversidade de cores dáse nas zonas litorais e tropicais e esta diversidade diminúe coa latitude e a profundidade. Así, nas zonas máis profundas gran parte dos peixes son todos pardo-escuros, negros ou vermellos. Os peixes peláxicos presentan un patrón de pigmentación dorso-ventral caracterizado por unha rexión dorsal de cor escura e unha rexión ventral de cor clara. Este patrón é de especial utilidade fronte á depredación, unha zona dorsal escura camufla o peixe cando se observa desde a superficie e a rexión ventral clara cando se observa desde o fondo. Outras coloracións como a críptica e a disruptiva tamén teñen como función a de camuflaxe.

Galicia está situada na zona subtropical-tépida do Océano Atlántico. As coloracións dominantes dos peixes en Galicia son pardas e agrisadas, máis ou menos claro-escuras. Con todo, unhas poucas especies presentan cores vivas e rechamantes. De todas elas, un serránido non moi frecuente, o tres colas (*Anthias anthias*), é un dos máis espectaculares, con tonalidades vermellas, rosas, laranxas e amarelas moi vivas no corpo, máis claras no ventre, con tres liñas amarelas nos lados da cabeza.



Anthias anthias (Linnaeus, 1758)

Foto: Manuel Garci (Bioimaxe, <http://bioimaxe.blogspot.com>)

Mais comúns son algúns lábridos (Familia **Labridae**) como a xulia ou doncela *Coris julis* e o gallano *Labrus mixtus*. Ambas as dúas especies son hermafroditas protoxínicas, a maioría deles nacen sendo femias e ao longo da súa vida algúns exemplares transfórmanse en machos. Os dous sexos pódense diferenciar externamente pola súa coloración, o que se denomina dimorfismo sexual ou dicromatismo sexual.



Dicromatismo sexual en *Coris julis* (Linnaeus, 1758).
Foto: Rafael Bañón.

As femias de *C. julis* presentan unha franxa horizontal de cor amarela cunha liña horizontal escura por encima, e o ventre de cor esbrancuxada. Os machos adultos presentan o dorso de cor laranxa cunha liña transversal amarelada debuxando un zigzag; a cola e pedúnculo caudal azul escuro e a aleta dorsal con manchas franxas escuras ao comezo e na parte posterior; ventre branco ou amarelado.

As femias de *L. mixtus* son rosa-alaranxado polo dorso e os flancos, co ventre esbrancuxado amarelado, e tres manchas negras no dorso, dúas na base da parte branda da aleta dorsal e unha no pedúnculo caudal. Os machos de liñas irregulares cor azul sobre fondo pardo escuro ou verdoso, ventre cor laranxa.



Labrus mixtus Linnaeus, 1758.
Foto: David Villegas, BEC.

Artículo orixinal publicado no blog de divulgación [Ecoloxía Azul](#)